

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE MARZO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de marzo deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Terceira Tenenta de Alcalde, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, en funcións de Alcalde, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de marzo de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a rectificación de erro producido no acordo número 6/740 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día vinte e seis de decembro de dous mil doce, polo que se concedía licenza de obra para acondicionamento de parcela e peches (zona interior do patio de quinteiro e zona inedificada), en solo urbano, Travesía do Miño, número 6.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de remodelación de vivendas, en Castro, número 8, Santo André de Castro.

Así mesmo, acordase a concesión das seguintes licenzas: de parcelamento das parcelas matrices, 386, 387, 397 e 398, polígono 140, de Argonde, San Xoán do Campo; para modificación dos alzados e da distribución interior no edificio con licenza número 494/09 sito en solo urbano na rúa da Xesta, número 1; para rehabilitación interior de inmovible para acondicionalo como vivenda na edificación con licenza número 1424/10, sita en solo urbano na Praza do Cantiño, número 7; para legalización de modificacións en planta quinta e baixo cuberta no edificio con licenzas número 602/10 e 603/10, con incorporación de rochos no baixo cuberta ás vivendas en dúplex sen modificación do número de vivendas, sendo a localización de obra na rúa San Roque, números 73-75, e rúa Catasol, s/n e para legalización de planta primeira e acondicionamento interior de nave para comercio por xunto de alimentos e bebidas con licenza número 29/04, sito na rúa Das Leiteiras, rueiro H,

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	22/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



parcela 12 e para o edificio sito na rúa Armando Durán, número 17, con licenza de obra número 789/09.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a revisión de prezos para o período que vai dende o 7 de decembro de 2012 ata o 6 de decembro de 2013 do contrato suscrito coa adxudicataria do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo.

Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato suscrito coa adxudicataria do servizo de retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito, para a súa actualización durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro de 2013.

Do mesmo xeito, acórdase a revisión de prezos para o período que abrangue dende o 14 de outubro de 2012 e o 13 de outubro de 2013 do contrato administrativo asinado coa adxudicataria do servizo de comidas aos/ás usuarios/as do centro de día Novo Antonio Gandoy.

Acórdase a incoación de expediente de imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra na contratación das obras de rehabilitación da Ponte Vella de Lugo.


Así mesmo, acórdase a aprobación da prórroga do "Protocolo de adhesión ao programa Urbanismo en rede entre a Entidade Pública Empresarial Red.es, e o Excmo. Concello de Lugo".

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Camiño Real, 118-120.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao desistir da licenza de obras solicitada para instalación dunha estación base de telefonía móbil na praza do Rei, 5.

Acórdase proceder a anulación da liquidación provisional solicitada no escrito no que insta a rectificación da liquidación número 6025596 (153/2013), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2013, xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para a legalización e rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada sita dentro do ámbito

Código Seguro de verificación:1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.


FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	22/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==	PÁGINA	2/3
				
1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==				

do núcleo rural 17.7 casa de monte redondo, parroquia de Carballido, por importe total de 5.817,63 €, por mor da modificación do presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Tamén se acorda proceder a anulación da liquidación provisional en virtude do escrito presentado no que insta a rectificación da liquidación número 6022858 (89/2013), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2013, xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 21.5 trasfontao, parroquia de Coeses, por importe total de 538,96 €, por mor da modificación do presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación:1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	22/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==	PÁGINA	3/3
 1GQekfVdSG2vVw9NEPqE5A==				